



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### TOURO

*Anuncio de aprobación de Oferta de Empleo Público 2023*

**EXPEDIENTE 2023/E003/000001 - Aprobación de Oferta de Empleo Público 2023.**

#### ANUNCIO

Ao existir unha vacante de un posto de persoal laboral operario/a de servizos básicos (departamento de obras e servizos varios), código RPT 02.00.00.03, segundo se desprende da plantilla de persoal e en aplicación do establecido na Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023.

Por Resolución de Alcaldía núm. 349/2023 de data 20 de decembro deste Concello, Resolveu:

**PRIMEIRO.** Aprobar a Oferta de Empleo Público para o ano 2023, debéndose convocar o proceso selectivo correspondente, no prazo improrrogable de tres anos, a contar desde a data da publicación da Oferta de Empleo Público que inclúe a seguinte praza:

#### PERSOAL LABORAL

CÓDIGO RPT	GRUPO	CORPO/ESCALA	DESCRIPCIÓN DA PRAZA	DOTACIÓN
02.00.00.03	V	Segundo Convenio	Operario de servizos varios	1

**SEGUNDO.** Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, no Diario Oficial de Galicia e no taboleiro de anuncios e na sede electrónica da Corporación (<https://sede.touro.gal>), en cumprimento do disposto no artigo 70.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro.

**TERCEIRO.** Dar traslado da presente resolución á Delegación do Goberno en Galicia e á Xunta de Persoal do Concello de Touro.

**CUARTO.** Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co establecido nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, pode interpoñer, potestativamente, recurso de reposición no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución, ou no seu caso, conforme ao establecido no artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa, pode interpoñer, directamente, recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da Coruña, ou no seu caso, ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses computados de data a data a partir do día da notificación da presente resolución.

Se se optase polo recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñerse calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

**QUINTO.** Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación, na primeira sesión ordinaria que se celebre, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico da Entidades Locais.

Touro, 20 de decembro de 2023

O Alcalde

Roberto Castro Rocamonde

2023/10065